

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2022

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:25 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE)

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

Non asiste:

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31 DE MAIO DE 2022 E DE 19 DE XULLO DE 2022.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción das actas da sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2022 e 19 de xullo de 2022.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (8): Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE) M^a Jesús García Souto(PP) e Ángel López Fidalgo (PP)

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que quedan aprobadas os borradores das actas da sesión ordinaria que tivo lugar o 31 de maio de 2022 e 19 de xullo de 2022.

2.-SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO POS + ADICIONAL 2/2022 (2ª FASE) DA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. .

Dase lectura á proposta de alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2022

EXPEDIENTE Nº: 2022/A007/000009

Vista a Circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2022" para regular o POS+ ADICIONAL 2/2022 para gasto corrente/investmentos financeiramente sostibles/revisión excepcional de prezos.

Considerando convinte que este concello participe na segunda fase.

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	235.039,57€

B) Financiamento de investmentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investmentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
Achega municipal		IVE soportado deducible			
TOTAL					

Investimentos	Financiamento dos investmentos
---------------	--------------------------------

financieiramente NON incluídos Complementario 2022	sostibles no Plan ao POS+	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
PISTA DE PÁDEL		49.809,59 €				49.809,59 €
TOTAL						

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	0,00

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamen to Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes obrigatorios	235.039,57 €				235.039,57€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	49.809,59 €				49.809,59 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	284.849,16 €				284.849,16€

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Inicia o turno de intervencións o sr. alcalde que explica que é a 2ª fase do POS+ AD 2/2022, na primeira fase se incluíron obras por importe de 111.000,00 € aproximadamente e nesta segunda fase se prevé para gasto corrente 235.039,57 € e se inclúe unha obra , unha pista de pádel, por importe de 49.809,59 €.

A sra. García Souto pregunta onde se ubicará esa pista de pádel contestando o sr. alcalde que entre o polideportivo e a piscina.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (8):) Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) Alfonso Ríos Santos, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE) Mª Jesús García Souto(PP) e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0):

Votos en contra (0)

A sra . García Souto intervéñ para explicar que votan a favor pero quere sinalar que tódolos fondos da Deputación se deberían destinar máis a inversión que redunde no benestar dos veciños e nas contas do Concello e menos en gasto corrente.

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

3. RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA PLANTEXADA POLA INTERVENCIÓN DE RECOÑECEMENTO DE OBRIGA FACTURA TALLERES NOVO E HIJOS SL (EXPEDIENTE 2022/X999/000120)

Dase lectura á proposta de alcaldía de transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2022/X999/000140

PROPOSTA ALCALDÍA

Asunto: Resolución de discrepancia:reparo formulado por Intervención

Visto que con data 21.09.2022, formulouse reparo suspensivo por Intervención deste Concello sobre:

Contratista	Nº fra.	Ap. Pptaria.	Concepto	Importe
Talleres Novo e Hijos, S.L.	Emit-188	1532.61900	18,40 mts. de barandilla maciza galvanizada y lacada en negro para zona pabellón de deportes	4.817,00 €

A intervención emite nota de reparo suspensivo ao recoñecemento da obriga da factura polos seguintes motivos:

-omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non consta no expediente certificación da directora de obra na que se contemplan o exceso de medicións na obra executada.

-Insuficiencia de crédito presupostario no orzamento de 2022 na partida 1532.61900.

Segundo o artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

b) Refíranse a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia. Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.

b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

No prazo de quince días desde a recepción do reparo, as discrepancias formularanse ao presidente ou ao Pleno da corporación local, segundo corresponda e, de ser o caso, a través dos presidentes ou máximos responsables dos organismos autónomos locais, e organismos públicos en que se realice a función interventora, para a súa inclusión obrigatoria, e nun punto independente, na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Unha vez resolta a discrepancia, poderase continuar coa tramitación do expediente, e deixárase constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, de ser o caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

A resolución da discrepancia por parte do presidente ou do Pleno será indelegable, deberase ditar no prazo de quince días e terá natureza executiva.

O presidente da entidade local e o Pleno, a través do citado presidente, previamente á resolución das discrepancias, poderán elevar resolución das discrepancias ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o pagamento da factura por tratarse de obras necesarias, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pagamento das mesma entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ha de resolver as discrepancias, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento habilitando mediante a oportuna modificación orzamenataria no orzamento do exercicio 2022 o crédito necesario para proceder ao recoñecemento da obriga “

Inicia o turno de intervencións o sr. alcalde que explica que se tivo que poñer unha barandilla de metal no polideportivo porque a que había estaba en moi mal estado e ao non existir crédito no orzamento destinada a esa finalidade a secretaria-interventora emite informe con reparo suspensivo.

A sra. García Souto comenta que si estaba en tal mal estado porque non se incluiu no presuposto e sinala que no informe de reparo entre outras cousas se manifesta que non se acredita no expediente a dispoñibilidade de terreos, autorizacións sectoriais, expediente de contratación etc...

O sr. alcalde responde que cando se elaboraron os presupostos a barandilla non estaba en tal mal estado.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6):) Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) Alfonso Ríos Santos (PSdG-PSOE) , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE)

Abstencións:(0):

Votos en contra (2) : M^a Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

4. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 10/2022 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS

XERAIS.

Dase lectura á proposta de alcaldía que transcrita literalmente di:

“Exp. 2022/T002/000010

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: modificación crédito 10/2022 de suplemento de crédito con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais

Existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, pola Alcaldía propúxose a concesión dun suplemento de crédito e un crédito extraordinario financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería.

Con data 20 de setembro de 2022 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Con data 22 de setembro de 2022 emitíuse informe de Secretaría-intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento para seguir así como favorable a proposta de modificación orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte. ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 10/2022 na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

**ORZAMENTO DE GASTOS
APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS INCREMENTADAS DE CRÉDITO**

Partida		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Prog	Eco.				
153 2	61900	Vías públicas. Outras inversión de reposición	387.342,88	4.817,00	392.159,88
231	22100	Atención social primaria. Enerxía eléctrica	700,00	1.400,00	2.100,00
326	48000	Servizos complementarios de educación. Subvencións a familias e inst. Sen fins de lucro	5.000,00	8.500,00	13.500,00
337	22100	Instalacións de tempo libre. Enerxía eléctrica	1.840,00	1.850,00	3.690,00
338	22699	Festexos populares. Outros gastos	21.350,00	850,00	22.200,00

341	22609	Promoción deportiva. Actividades	9.200,00	2.350,00	11.550,00
342	22199	Instalacións deportivas. Outros suministros	2.500,00	1.000,00	3.500,00
920	21600	Administración xeral. Mantemento equipos informáticos	1.000,00	1.000,00	2.000,00
Totais			428.935,88	21.767,00	450.702,88

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**ORZAMENTO DE INGRESOS
RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

Aplicación	Denominación	Importe
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	21.767,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas."

Inicia o turno de intervencións o sr. alcalde que explica as partidas e importes que se suplementan, entre elas , se prevén 8.500,00 € para subvencións nominativas destinadas aos alumnos que teñen problemas co transporte escolar .

A sra. García Souto pregunta que tipo de problemas.

O sr.alcalde afirma que os alumnos non teñen parada cerca da casa, teñen que desprazarse ata o centro de Sobrado e As Cruces.

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Juan Vicente Aller Penas

Intervén o sr. Ángel Fidalgo e sinala que dese tema xa hai unha normativa.

Resposta o sr. alcalde que é para os alumnos de bacharelato e formación profesional. Engade que hai varias familias con ese problema e que se tratar de dar unha pequena axuda.

A sra. García Souto pregunta se non é moita cantidade de 8500 €.

Responde o sr. alcalde que se prevé unha axuda de 0,70 € por km.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7):) : Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) Alfonso Ríos Santos (PSdG-PSOE) , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE)

Abstencións:(0):

Votos en contra (2) : M^a Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

A sra. García Souto explica que votan en contra porque non están dacordo en que as cousas se fagan deste xeito ; no pleno anterior se levantou un reparo suspensivo por importe de 55.000,00 € , houbo unha modificación do presuposto por ese importe , agora o tema da barandilla, hai moita omisión de fiscalización e reparos da secretaria-interventora pola non licitación de contratos habituais como o de limpeza de edificios municipais, facturas recurrentes de electricidade, telefonía etcc... contratos nos que non se seguiu a tramitación prevista na Lei de Contratos do Sector Público.

Engade que asemade hai facturas de zavorra, cemento. barandilla, gastos diversos que deberían estar previstos no orzamento, faltan 3 meses para rematar o ano e se ve unha falta absoluta de previsión , imprevisión e ignorancia absoluta da normativa e lle di ao alcalde que espera que non xestione a súa casa como xestiona o Concello.

Responde o sr. alcalde que iso xa o dixo en máis ocasións.

A sra García Souto afirma que se aprobe un gasto de 30.000 € para a contratación de Café Quijano e 1.500 € nunha tarima para o lucimento do alcalde non estaba previsto no presuposto.

Responde o sr. alcalde que ve que non asistiu á Festa da Troita.

Responde a sra. García Souto que si que estivo a pesar de que non foi invitada sendo un membro da corporación municipal.

O sr. alcalde sinala que os invitou á Festa dos maiores e que non asisitiron.

A sra García Souto di que é certo pero que non poideron acudir, como xa lle dixeran e que se gasta eses cartos nunha tarima para o seu lucimento persoal.

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

5. RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº352 DE 17.08.2022 DE FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2023.

Dase conta, para a súa ratificación polo Pleno, do decreto nº 352 de 17.08.2022 sobre a fixación dos festivos locais para o ano 2023, que transcrito literalmente di:

"EXPEDIENTE DECRETO:2022/G003/000388

*ASUNTO: FIXACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS DO 2023
EXPEDIENTE:2022/X999/0000123*

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a comunicación efectuada pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade para que o Concello comunique antes do día 1 de setembro de 2022 acordo no que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído en non recuperable para o vindeiro 2023.

O art. 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de julio, sobre Regulación da xornada de Traballo, Xornadas Especiais e Descansos, que sinala que : "serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada Municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente...".

En uso das atribucións que establece o artigo 21 q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO: Designar como festivos locais para o ano 2023 os seguintes:

- 21 de febreiro de 2023 (martes de Entroido).*
- 29 de xuño de 2023 (San Pedro)*

SEGUNDO: Notificar a Consellería de economía, emprego e industria aos efectos oportunos.

TERCEIRO. : Ratificar o presente decreto polo Pleno na próxima sesión que se celebre."

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (9):) : Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) Alfonso Ríos Santos (PSdG-PSOE) , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE)., M^a Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0):

Votos en contra (0)

CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN

6.-MOCIÓN DE URXENCIA.

Non houbo.

7.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA 293/2022 A 393/2022

Dase conta dos decretos de alcaldía de nº 293/2022 A 393/2022.

O pleno queda enterado.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS

Preguntas formuladas pola sra. García Souto:

1. Ve nos decretos que hai unha factura de portes de auga por importe de 6000 €.

Resposta o sr. alcalde que houbo un consumo excesivo, que non contaban con el.

A sra García Souto pregunta se había algunha rotura porque este ano non houbo tanta sequía.

O alcalde di que non , o que pasou é que houbo un consumo excesivo de auga.

2. A qué está esperando para correxir tódalas advertencias feitas pola secretaria nos seus reparos.

Responde o sr. alcalde que non ten ningunha intención de correxilo, ela fai o seu traballo e eu o meu.

A sra García Souto afirma que a secretaria fai referencia nos seus infomes ao despilfarro de cartos públicos e a evolución do remanente de tesourería nos últimos exercicios: no ano 2018 case 1.900.000 € e agora é de 360.000 €, e no medio de todo isto se suben as taxas, copago de servizos etc... se segue así seguramente acabará con remanente este ano.

Resposta o sr. alcalde que os vai a gastar este ano e non o ano que ven que é electoral para que non se diga que o utiliza para gañar as eleccións municipais.

A sra. García Souto afirma que o que pasará , como no ano 2019, que se pagaron facturas atrasadas a través de recoñecemento extraxudicial de créditos con cargo ao remanente por case un millón de euros, e que se incumpriará a regra de gasto.

Repota o sr. alcalde que o diñeiro o invirten.

A sra. García Souto sinala que non se invirte o diñeiro gastándoo en plataformas.

Resposta o sr. alcalde que se prevía dar un obsequio á xente que leva anos colaborando na organización da "Feira da Troita" e hai unha persoa que está en cadeira de rodas por iso o da plataforma .

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:00 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE